

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE MOBILIDADE URBANA E TRANSPORTE PÚBLICO

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No momento que vivimos a sociedade demanda de forma crecente un entorno urbano máis humano e adaptado ás persoas. Ás preocupacións crecentes en torno ó cambio climático e a unha vida máis sostible sumouse nos últimos tempos a problemática derivada da pandemia mundial da COVID-19, que nos mostrou a todos e todas a importancia de desfrutar duns espazos públicos abertos e de zonas de esparcemento, primando ás persoas sobre os vehículos privados.

Estas inquietudes tiveron reflexo xa nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, que no seu ODS 11 propugna conseguir que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles. Mesmo incluso no Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES), proposto polo goberno local e aprobado por este mesmo Pleno Municipal en decembro de 2020 se fala do fomento do uso racional dos vehículos privados.

O caso de Chantada posúe unhas características que fai máis importante e urxente se cabe a toma de medidas. Por unha parte, a permisividade de política urbanística municipal coa especulación inmobiliaria, que favoreceu a proliferación de rúas dormitorio, unha vila desordenada e con carencias importantes de espazos públicos. Tamén temos un caos circulatorio por unha vila pensada exclusivamente para o vehículo privado e pola ausencia de vixilancia e control das actitudes incívicas. Temos que tomarnos en serio dunha vez unha vila mellor para o presente e para o futuro.

Durante anos unha zona de paseo moi utilizada pola veciñanza foi a Avenida de Monforte, incluso mais aló do Cemiterio. Aínda que despois da construción do paseo fluvial, que permitiu abrir a vila ó río despois de moito tempo de costas a el, perdeu parte do seu uso, o sombrío do trazado deste último xunto coa natural humidade fai que durante o inverno moitas persoas prefiran realizar os seus paseos por espazos máis abertos. Ademais é usada con asiduidade por ciclistas que se achegan por esa vía á zona da ribeira do Miño. Por iso a primeira medida que se propón é xestionar a construción dun itinerario peonil e ciclista, coma os que se están a realizar por toda Galicia dentro do Plan Move da Xunta de Galicia, na LU-533. Esta obra sinxela, pero de gran utilidade, permitirá gañar un espazo para a mobilidade segura dos peóns e ciclistas, ampliar as zonas de esparcemento e achegar outra zona máis do río Asma á vila de Chantada.

Por outra banda, e tamén con ese ánimo de mellorar espazos que xa son utilizados polos veciños e veciñas proponse xestionar unha ampliación do paseo fluvial existente máis aló da ponte sobre o río Asma e achegalo ó entorno do Mercado Gandeiro. Ademáis, recollendo as queixas que se nos achegan, é preciso resolver os defectos que presenta, coma as discontinuidades no pavimento nalgunhas zonas puntuais, falta de mobiliario urbano coma papeleiras ou unha mellora na iluminación para o seu disfrute durante a noite, especialmente no verán.

Ademais tamén consideramos necesario acometer melloras no transporte público. Primeiro cunha modificación unilateral e sen diálogo do mapa de liñas de transporte de viaxeiros por estrada da Xunta de Galicia e agora nos últimos tempos cunha baixada das frecuencias, aparentemente motivadas pola crise sanitaria, pero que permanecen sen recuperar, Chantada perdeu servizos que son moi necesarios para os nosos veciños e veciñas. Cremos imprescindible como representantes do pobo do Concello de Chantada reclamar xustamente unas conexións dignas coas localidades e cidades próximas.

Finalmente, vémonos na obriga de recuperar algunha das propostas en canto á ordenación do tráfico xa expostas polo Grupo Socialista nunha moción ó efecto en xullo do ano 2019, pois moi pouco se leva avanzado ó respecto. É urxente que se aborde dunha vez a problemática do tráfico urbano na vila cunha intervención decidida por parte da administración local e, para logralo, debe realizarse tanto un estudo de mobilidade que achegue medidas efectivas como a aprobación dunha Ordenanza Municipal de Circulación que atalle dunha vez por todas a anarquía circulatoria que se vive diariamente en Chantada.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Realizar as xestións precisas ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a construción dun itinerario peonil e ciclista na LU-533.
- 2) Realizar as xestións precisas ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a ampliación do paseo fluvial ata o entorno do mercado gandeiro.
- 3) Realizar obras de mantemento e mellora no paseo fluvial en canto a pavimentos, mobiliario urbano e iluminación.
- 4) Reclamar á Consellería da Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a recuperación das frecuencias suprimidas e a mellora do servizo no transporte público de viaxeiros por estrada, nomeadamente nos itinerarios a Lugo, Ourense, Monforte de Lemos e Santiago, así como retomar a ruta directa a Vigo.



- 5) Elaborar de xeito urxente un estudo de mobilidade urbana e unha Ordenanza Municipal de Circulación que poñan fin ó caos circulatorio na vila de Chantada.

Chantada, 7 de marzo de 2021,

Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada